

O SUBSTANTIVO E O ADXECTIVO

O substantivo

Definición: O substantivo é unha categoría gramatical que se emprega para designar entidades, sexan reais ou imaxinarias, tanto de obxectos concretos (persoas, obxectos, etc.) como abstractos (sentimentos, seres, etc.). Segundo o significado, os substantivos poden ser clasificados en:

Común: designa as cousas ou seres da mesma especie: nena, home, río, vila, etc.

Propio: designa individualmente un ser ou unha cousa dentro da súa especie: topónimos (*Ourense*), antroponimos: (*María*); patronímicos (*Fernández*) e hidrónimos (*Sil, Atlántico*).

Concreto: refírese a realidades que se poden percibir polos sentidos: man, cadeira, libro.

Abstracto: refírese a ideas, sentimentos ou calidades que non se poder ver nin tocar: dor, amor.


Contable: nomea realidades que se poden contar: *persoa, flor, folla etc.*

Incontable: nomea realidades que non se poden contar por unidades: *auga, sal, madeira, terra etc.*

Individual: remite, en singular, a unha soa cousa ou ser: *soldado, formiga, ovella etc.*

Colectivo: remite, en singular, a un conxunto de cousas ou seres da mesma especie: *exército, formigueiro, rabaño, enxame, piñeiral etc.*

Podémolo ver representado no seguinte esquema:



Desde o punto de vista funcional, o substantivo é o núcleo (N) da frase nominal (FN). En o neno loiro (FN), neno actúa como núcleo e aparece modificado polo determinante (o) e o modificador (loiro). Formalmente, os substantivos son palabras que admiten morfemas de xénero e número que se engaden ao lexema; polo tanto, son palabras variables.

O xénero do substantivo

Fíxate nos seguintes substantivos: mestre, mestra, mestres, mestras. Nesta serie o substantivo é unha palabra variable. Hai un elemento constante *mestr-* (lexema), e uns elementos que varían, *-e, -a, -es, -as* (morfemas gramaticais ligados flexivos). Estes elementos variables, morfemas, serven para indicar o xénero e o número dos nomes.

O xénero dos nomes pode ser masculino e/ou feminino. Xeralmente, son masculinos os nomes de homes, animais macho e cousas que levan diante o artigo “o”: o lapis, o piñeiro, o río, o sol, etc. Tamén son masculinos os nomes das letras: o a, o be, o ce...

Como vemos no seguinte cadro:

SON MASCULINOS...

Os nomes de letras, números, océanos, mares, ríos e puntos cardinais	<i>o a, o efe, o sete, o Atlántico, o Adriático, o Miño, o noroeste...</i>
Os substantivos rematados en <i>-i</i>	<i>o convoi, o penalti...</i>
Os substantivos rematados en <i>-o</i>	<i>o arbusto, o riso, o xogo... Excepto: a foto, a moto, a tribo, a dínamo...</i>
Os substantivos rematados en <i>-ote</i>	<i>o bote, o dote, o lote... Excepto: a glote</i>
Os substantivos rematados en <i>-u</i>	<i>o bambú, o chapeu, o pau, o xampú...</i>
Os substantivos rematados en <i>-me</i>	<i>o arame, o crime, o <u>cume</u>, o exame, o fume, o lume, o <u>legume</u>, o <u>costume</u>... Excepto: a fame, a <u>síndrome</u>...</i>
Os substantivos rematados en <i>-t, -g, -f, -h, -k...</i> (estranxeirismos)	<i>o test, o cámping, o anorak, o ballet...</i>
✓ Outros substantivos como:	<i>o berce, o labor, o leite, o mel, o nariz, o sangue, o cárcere, o sal, o sinal...</i>

Xeralmente, son femininos os nomes de mulleres, animais femia e cousas que levan diante o artigo “a”:

SON FEMININOS...

A maioría das árbores froiteiras e os seus froitos	<i>a cerdeira / a cereixa, a laranxeira / a laranxa, a nogueira / a noz... Excepcións: a figueira / o figo, o limoeiro / o limón...</i>
Os substantivos acabados en <i>-a</i>	<i>a aguia, a alma, a auga, a <u>pantasma</u>, a reuma... Agás: o clima, o día, o mapa, o planeta, o diadema, o <u>fantasma</u>...</i>
Os substantivos terminados en <i>-ade</i>	<i>a idade, a liberdade, a puberdade, a mortalidade...</i>
Os substantivos rematados en <i>-axe</i>	<i>a paisaxe, a tatuaxe, a <u>viaxe</u>... Excepto: o traxe, o paxe, o garaxe. Personaxe pode ser masculino ou feminino.</i>
Os substantivos rematados en <i>-se, -ite</i>	<i>a <u>análise</u>, a tese, a otite, a elite... Agás: o convite, o interese...</i>
✓ Outros substantivos como:	<i>a árbore, a ave, a canle, a calor, a dor, a ferruxe, a orde, a ponte, a síndrome, a suor...</i>

O xénero serve para establecer diferenzas significativas en palabras opostas por esta categoría gramatical. Cando o xénero é real (motivado), a oposición masculino/feminino responde a unha diferenciación de tipo sexual (*cabalo/egua, lobo/loba, home/muller*).

Cando o xénero é inmotivado (na maior parte das ocasións) a oposición xenérica implica diferenzas semánticas moi diversas:

-individual/colectivo: *leño / leña; froito / froita*, etc.

-tamaño e/ou forma: *cesto/cesta, barco/barca*, (normalmente o feminino implica maior tamaño)

A flexión de xénero realízase nos substantivos e adxectivos da seguinte maneira:

Formación do feminino			
Palabras rematadas en			
vogal	-o, -e, átonos	-a	<i>amo-ama, elefante-elefanta</i>
	vogal tónica	engaden -a.	<i>avó-avoa, só-soa, cru-crúa, nu-núa</i>
consoante	distinta de -n	engaden -a.	<i>rapaz-rapaza, doutor-doutora</i>
-n	-ín	engaden -a.	<i>espadachín-espadachina, bailarín-bailarina</i>
	-ón	-oa	<i>león-leoa, anfitrión-anfitríoa, teutón-teutoa, patrón-patroa</i>
		-ona	Con sufixo aumentativo ou despectivo: <i>abusón-abusona, acusón-acusona</i>
	án	-á	<i>irmán-irmá, artesán-artesá, cidadán-cidadá, musulmán-musulmá, san-sa, sultán-sultá</i> Xentilicios: <i>arousán-arousá, catalán-catalá, castelán-castelá, coimbrán-coimbrá</i>
		Engaden -a.	Caracterizadores pexorativos: <i>brután-brutana, folgazán-folgazana, lordán-lordana, pailán-pailana, pillabán-pillabana</i>
	-ún	-úa	<i>vacún-vacúa, cabrún-cabrúa</i> Excepción: <i>euscaldún-euscalduna</i>
Outras posibilidades de formación			
Con heterónimos		<i>home-muller, xenro-nora, xinete-amazona, cabalo-egua</i>	
Con morfemas derivativos		<i>heroe-heroína, tsar-tsarina, abade-abadesa, xograr-xograresa, profeta-profetisa</i>	
Con determinantes (de xénero común)		<i>o/a artista, o/a cantante, o/a herexe, o/a soldado</i>	
Coas palabras macho ou femia (epícenos)		<i>leopardo macho-leopardo femia</i>	

O número no substantivo:

A categoría de número indica a oposición entre o singular (un individuo) e o plural (máis de un).

Substantivos só con singular (*singularia tantum*): *plebe, balor, caos...*

Substantivos só con plural (*pluralia tantum*): *cartos, parabéns, cóxegas...*

Substantivos usados en sg. ou pl. que designan un só obxecto: *tesoiras/tesoira; pantalón/pantalóns*
 O cambio de número pode implicar un cambio de significado: *miolo/miolos, esposa/esposas...*
 Emprego do singular con significado de pluralidade: *Tomamos un café todos os días; Hai moi pouca ameixa aquí.*

Flexión de número

Formación do plural		
PALABRAS SIMPLES		
Palabras rematadas en vogal, ditongo, -n, -r, -z		
-vogal, -n ou ditongo	engaden -s	<i>rubí-rubís, elisión-elisións, rei-reis</i>
-r, -z	engaden -es	<i>radar-radares, paz-paces, lor-lores, carácter-caracteres</i>
Palabras rematadas en -s		
-s (agudas)	engaden -es	<i>siamés-siameses</i> Agás en grupo consonántico: <i>o luns-os luns</i>
-s (graves)	invariables	<i>o martes-os martes, o lapis-os lapis, o abrelatas-os abrelatas</i>
-s (esdrúxulas)	invariables	<i>o mércores-os mércores</i>
-x [ks]	invariables	<i>o fax-os fax, o télex-os télex</i>
Palabras rematadas en -l		
monosílabas e compostas	engaden -es	<i>sol-soles, parasol-parasoles, mel-meles, chuchamel-chuchameles</i>
polisílabas non agudas	engaden -es	<i>túnel-túneles, cónsul-cónsules</i>
polisílabas agudas	perden o -l e engaden -is	<i>fiel-fieis, cruel-crueis, esmeril-esmerís, enxoval-enxovais, farol-farois, baúl-baúis</i>
Cultismos e estranxeirismos		
outras consoantes	engaden -s	<i>club-clubs, sándwich-sándwichs, anorak-anoraks</i>

Palabras compostas

Dous lexemas separados	plural nos dous	<i>garda civil-gardas civís, porco teixo-porcós teixos, chave inglesa-chaves inglesas</i>
Dous lexemas soldados ou unidos por guión.	plural no 2º elemento	<i>vagalume-vagalumes</i> <i>galego-falante/galego-falantes</i>
Dous lexemas unidos por unha preposición.	plural no 1º elemento	<i>arco da vella-arcos da vella, pita do monte-pitas do monte</i>

→ Cando os dous elementos dunha palabra composta van separados e son substantivos, de maneira que o segundo modifica o primeiro, só recibe marca de plural o primeiro elemento: *sofá cama/ sofás cama, piso piloto/ pisos piloto, cociña comedor/ cociñas comedor.*

Practica:

1. Escribe o feminino dos seguintes substantivos e adxectivos rematados en -n:

Bailarín	Curmán
Ladrón	Ferrolán
Anfitrión	Musulmán
Patrón	Charlatán
Borrachón	Folgazán
Abusón	Paspán
Pedichán	Euscaldún

2. Define os seguintes substantivos:

Heladio: substantivo propio, antropónimo.

mazá:

fe:

orquestra:

Arzúa:

culler:

Sil:

enxame:

3. Pon o artigo diante a estes substantivos:

énfase	eccema	iota	asma
mar	ubre	cárcere	paréntese
alma	arte	reuma	ananás
friame	valse	chantaxe	vertixe
masacre	conxuntivite	legume	pantasma

4. Forma o plural dos seguintes substantivos:

réptil	sacarrollas	baúl
cruel	chuchamel	baballón
aerosol	mísil	porco teixo
carril	xel	álbum
fax	sándwich	sláalom
aerosol	iraquí	chafaríz

O adxectivo:

Definición e clasificación: O adxectivo é unha clase de palabras variables que expresan propiedades ou características dos substantivos. Por exemplo, en casa pequena, o adxectivo pequena remite a unha calidade de tamaño.

Podemos clasificalos segundo o seu significado:

- cualificativo: indica calidades. *A mesa verde.*
- de relación: indica pertenza ou relación con respecto ao nome ao que complementan: nervio ocular. Non admiten grao e non se poden antepoñer ao substantivo. Entre eles, podemos atopar os xentilicios: *catalán, francés*, etc.
-

Ou segundo o a calidade expresada:

- especificativo: delimita a extensión significativa do substantivo e distíngueo doutros posibles. *Quero un bolígrafo verde* (de ningunha outra cor). Neste caso o adxectivo delimita unha subclase dentro da clase bolígrafos.
- Adxectivo explicativo ou epíteto: engade unha nota explicativa que non di nada novo con relación ao substantivo que acompaña: *neve branca, sorriso ledo...* Estes adxectivos non delimitan subclases senón que describen toda a clase de elementos sinalados polo substantivo.

Ás veces a posición do adxectivo con respecto á palabra é significativo: se vai anteposto, trátase dun adxectivo explicativo: *cortaron as secas árbores* (todas); se vai posposto, trátase dun adxectivo especificativo: *cortaron as árbores secas* (só as secas).

Desde o punto de vista sintáctico ou funcional, o adxectivo é o núcleo (N) da frase adxectiva (Fadx), grupo de palabras que posúen como elemento central o adxectivo e que, ademais, pode estar formado por un modificador (MOD). *En doadas de facer* (Fadx), *doadas* actúa como núcleo e aparece modificado por *de facer*.

Formalmente, é unha unidade léxica variable que, por medio da concordancia, admite o xénero e o número do substantivo ou substantivos que acompaña. Está constituído por un lexema a uns morfemas de xénero e número: *lour* (lex) – a (morf. xº) – s (morf. nº).

As categorías de xénero e número non son inherentes ao adxectivo, senón que están condicionadas polo substantivo ao que acompañan, co que deben **concordar** en xénero e número:

- Cando vai referido a máis dun substantivo concorda co máis próximo: *fermosas fervenzas e ríos*
- Cando vai posposto adopta o xenérico e vai en plural: *un pexego e unha mazá saborosos*.

Xénero: existen adxectivos invariables: *azul, agradable, común...* e outros variables: *branco/branca, ledo/leda...* estes forman o feminino igual que o substantivo.

Número: a meirande parte dos adxectivos presentan flexión de número e forman o plural igual ca o substantivo: *azul/azuis, mariñán/mariñáns*.

Graos do adxectivo:

Positivo: expresa a calidade sen comparación nin intensificación: *Un clima suave.*

Comparativo: expresa a calidade establecendo unha comparación de intensidade entre dous ou máis termos.

- **de igualdade:** *É tan alto coma min.*

Construcións comparativas de igualdade	
Tan + ADX. + como / coma	Noa é tan <u>alegre</u> coma ti. Non é tan <u>traballadora</u> como aparenta. O galego é tan <u>útil</u> coma / como calquera outra lingua.
Tanto (de) + ADX. + como / coma	Ten tanto de <u>simpático</u> coma min. Ten tanto de <u>traballador</u> como din. Ten tanto de <u>simpático</u> coma / como de traballador.

N.B. Coma / Como

- **Como + verbo.** Ex. *Tan espelido como dicían*
- **Coma + pronome persoal.** Ex. *Tan espelido coma ti.*
- No resto dos casos podemos empregar *coma* ou *como* indistintamente, aínda que se aconsella o uso de **coma**. Ex. *Tan espelido coma / como o seu irmán.*



- **De superioridade:** *É máis alto ca min;* **ou de inferioridade:** *É menos alto ca min.*

Construcións comparativas de inferioridade e superioridade			
Máis	ca	+	Pronome persoal. É obrigatorio ante pronomes persoais tónicos e aconsellable nos demais casos, agás ante un verbo en forma persoal.
Menos + ADX. +	do que	+	Verbo
	que	+	Pódese empregar sempre que o segundo elemento non sexa un pronome persoal nin un verbo.

- *O meu xefe é bastante menos traballador **ca** min.*
- *Esa empresa é menos produtiva **do que** din.*
- *Parece menos faladora **ca** María / **que** María.*



Contracción da conx. CA + artigo: CA + O, A, OS, AS = CO, CA, COS, CAS / Fíxeno coa túa axuda

- **Superlativo:** expresa a calidade no seu grao máximo e ten dúas formas: **absoluto e relativo**.

O **superlativo absoluto** expresa a calidade no seu grao máis alto, sen establecer comparación; presenta dúas formas, na **forma analítica** o adxectivo é intensificado mediante os adverbios *moi* ou *ben*: *É unha moza ben lista, O meu can é moi grande*.

A **forma sintética** podemos facela dos seguintes modos:

Formación do superlativo absoluto sintético	
Sufixo -ísimo	Grande → <i>grandísimo</i> , lista → <i>listísima</i> , claro → <i>clarísimo</i> ... * Nalgúns adxectivos, o sufixo <i>-ísimo</i> engádese á raíz culta: <i>fíel</i> → <i>fidelísimo</i> , <i>nobre</i> → <i>nobilísimo</i> ...
Sufixo -érrimo	Hai unha serie de adxectivos que engaden o sufixo <i>-érrimo</i> cando se usan en rexistros elevados: <i>pobre</i> → <i>paupérrimo</i> , <i>célebre</i> → <i>celebérrimo</i> , <i>salubre</i> → <i>salubérrimo</i> , <i>pulcro</i> → <i>pulquérrimo</i> , <i>mísero</i> → <i>misérrimo</i>
Prefixos	<i>hiper-</i> → <i>hipercaro</i> , <i>ultra-</i> → <i>ultrafamoso</i> , <i>extra-</i> → <i>extrasuave</i> , <i>super-</i> → <i>superamable</i> , <i>arqui-</i> → <i>arquicoñecido</i> , <i>requete-</i> → <i>requeteguapo</i> ...

O superlativo relativo expresa a calidade no seu grao máis alto comparándoa coa dun conxunto. Fórmase da seguinte maneira: *Antía é a máis larpeira de todas*.

ARTIGO + MÁIS/MENOS + ADX. EN GRAO POSITIVO + DE + 2º TERMO

Aínda temos un adxectivos en grao comparativo e superlativo que derivan directamente do latín:

GRAO POSITIVO	COMPARATIVO SINTÉTICO	SUPERLATIVO SINTÉTICO
<i>grande</i>	<i>maior</i>	<i>máximo</i>
<i>pequeno</i>	<i>menor</i>	<i>mínimo</i>
<i>bo</i>	<i>mellor</i>	<i>óptimo</i>
<i>malo</i>	<i>peor</i>	<i>pésimo</i>
<i>alto</i>	<i>superior</i>	<i>supremo</i>
<i>baixo</i>	<i>inferior</i>	<i>ínfimo</i>

A substantivación: certas palabras como adxectivos, infinitivos ou adverbios poden desempeñar as funcións propias dos substantivos: *O saber non ocupa lugar, O difícil é facelo. Non me veñas con peros*.

A adxectivación: consiste en que o substantivo desempeñe a función dun adxectivo: *O seu fillo aínda é moi neno*.

Practica:

1. Escribe todas as formas posibles (masc. fem. sg. pl.) os adxectivos que seguen:

- temperán
- lambón
- urbano
- fraternal
- cónxuxe

2. Completa as oracións seguintes coa conxunción comparativa axeitada en cada caso:

- Teño unha irmá máis nova _____ min.
- A viaxe resultou moito máis divertida _____ eu esperaba.
- Tomarei café que está menos quente _____ chocolate.
- Vós non sodes tan viaxeiros _____ eles.
- Esta nena é máis simpática _____ a curmá.

3. A partir da frase *o meu can é manso*, cuxo adxectivo está en grao positivo, escribe outras frases en que apareza este adxectivo:

- en grao superlativo sintético:
- en grao comparativo de igualdade:
- en grao comparativo de superioridade:
- en grao comparativo de inferioridade:

4. Achega o substantivo correspondente a cada verbo e cualifícao cun adxectivo:

- analizar: *análise correcta*
- acostumar:
- desordenar:
- viaxar:
- sinalar:

5. Explica as diferenzas de significado que se dan nestes pares de enunciados:

- Unha alta executiva / Unha executiva alta
- Un novo libro / Un libro novo
- Un pobre home / Un home pobre

